

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DE REBOREDA
XUNTANZA ORDINARIA 11 DECEMBRO 2014.

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación do acta anterior.
- 2.- Información da situación actual das obras levadas a cabo cos orzamentos participativos.
- 3.- Presentación de propostas para os orzamentos participativos 2015.
- 4.- Rogos e preguntas.

Na Sociedade Labrego Cultural de Reboreda, sendo as 20:00 horas do día 11 de decembro de 2014, despois da correspondente convocatoria, reuníronse as/os membros seguintes :

Cecilia Pérez Orxe, representante do BNG.
Manuel Darriba Rivera, representante das asociacións veciñais
Luis Orge Míguez, representante do PSdeG-PSOE.
José Luis Casal Iglesias, representante de AER.
José Antonio Rodríguez Míguez, representante das asociacións de augas.
Manuel Rodríguez Couñago, representante das asociacións veciñais.
Juan José Darriba Rivera, representante das asociacións veciñais.
Jerónimo De Jesús Andrés, representante da ANPA.

Todas/os elas/es baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidas/os por mín M^a Lourdes Fernández Arines, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Reboreda convocada para o día de hoxe.

Sendo as 20:00 horas a Presidencia declarou aberta a sesión e comezouse coa orde do día.

- 1.- Aprobación da acta anterior.

Por unanimidade dos seus membros queda aprobada a acta anterior.

- 2.- Información da situación actual das obras levadas a cabo cos orzamentos participativos.
- 3.- Presentación de propostas para os orzamentos participativos 2015.

A presidenta do Consello solicita das distintas asociacións que vaian estudiando as propostas para os participativos do ano 2015.

Juan José Darriba Rivera pregunta polo da Paradela, ó que a presidenta responde que iso debería terse realizado cos orzamentos participativos dun só ano pero coma no 2014 decidiron levar a cabo o arranxo do camiño do Carnaval houbo que facelo en varias partes.

Juan José Darriba pregunta si se pode acabar co de Carnaval, o que a presidenta contesta que por lo de agora non, e si se prorrogan os presupostos tampocou poderiase porque non hai partidas para muros, o que Cecilia Pérez Orxe propón co asuma o concello dalgunha maneira.

Jerónimo De Jesús propón arranxar o camiño do Casal, M^a José Barciela presenta o presuposto que lle deron este ano para o arranxo dese camiño e que ascende a 26.300 € aproximadamente.

Finalmente a presidenta informa que no mes de febreiro celebrárase outro consello para a presentación e aprobación das propostas definitivas.

3.- Rogos e preguntas.

M^a José Barciela informa que o concelleiro de Interior, Arturo González, despois de ver o estudio da toponimia, reunírase cos veciños dos camiños afectados para consensuar con eles o cambio dos nomes dos camiños. Luis Orge pregunta si vaise facer un referendun en cada camiño e José Luis Casal argumenta que os veciños só polo transtorno que ocasiona o cambio é probable que non queiran pero que iso non debería ser excusa para facer o cambio.

A presidenta informa ca obra da ponte de Julián comenará despois de Reis. Juan José Darriba pregunta si levara unha soa beirarrua ou dous, M^a José Barciela presenta un croquis do proxecto e lle dá ca asociación ten unha copia do proxecto.

José Antonio Rodríguez pregunta porque ese proxecto non está exposto na Sociedade Labrego de Reboreda e porque antes a ponte non se podía tocar por estar protexida e agora se arranxa, a presidenta dí que non se facía porque había que expropiar terreo a unha persoa e que agora fíxose a expropiación.

Comprobado polo proxecto presentado pola presidenta que so haberá unha beirarrua, preguntan si eso poderiase modificar porque si non habería que estar cambiando de beirarrua, M^a José Barciela dí que no concello non hai proxecto desa obra porque non é competencia municipal pero que preguntará acerca dese tema, e que ela coñece unha modificación pero que esta afecta so a cimentación.

Cecilia Pérez Orxe dí que preto das obras do AVE polo Carrascal existen dous camiños, un que conecta con Ventosela e outro con Pousadouro, que son camiños estreitos e cando se cruzan dous coches hai que facer maniobras, pregunta si se podería establecer direccións únicas neses camiños.

José Antonio Rodríguez propón poñer nos entronques dos camiños cedas el paso ou STOP, para facilitar a circulación.

Cecilia Pérez expón co contenedor que hai no muro de Pousadouro no camiño que vai a Ventosela esta cheo de restos de poda dende hai mais dun mes, que xa está pudrindo e desprende mal olor, solicita pasen a vacialo. Tamén pidelle o concello que limpe ou mande limpar a maleza que sae da finca de Pousadouro, xa que chega a carretera a altura dos viandantes o que supón un perigo, primeiro porque podese tropezar con ela e segundo porque para evitala hai que votarse a carretera. A presidenta dí que trasladará o problema o concello.

José Antonio Rodríguez dí que preto do Supermercado Familia producense aglomeracións de coches, que ali existe un terreo de ADIF pechado cun muro de ladrillo e propón que se solicite a ADIF dito terreo, que se derrumbe o muro e se acondicione para aparcas coches.

M^a José Barciela responde que neste momento o terreo é de ADIF e non se pode facer nada nel, pero que o concello o ten solicitado e que cando o concedan xa se estudirá o que se fara, pero que o supermercado Familia debería habilitar aparcamentos para os seus clientes, que esa non é tarefa do concello.

José Antonio Rodríguez pregunta coma está esa petición, M^a José Barciela contesta que nese momento non sabe pero que o averiguara e informará.

Jerónimo De Jesús dí que no do supermercado Familia habería que prohibir xirar a esquerda xa que a poucos metros está a rotonda onde dala volta e esa manobra é moi perigosa, propon facer linea discontinua de baixada e continua de subida.

José Antonio Rodríguez pregunta se se podería ensanchar o camiño do Convento que vai a de Torres, que suporia a inversión de poucos cartos. A presidente responde que todo ten un coste, normalmente superior o que se cre, neste caso habería primerio que ceder os veciños o terreo, despois meter a pala e por ultimos asfaltar..

E, non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as vinte horas cuarenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende na presente ACTA da que, coma Secretaria do Consello, DOU FE.

